

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DA MATERIA INGLÉS

CURSO 2025-2026

Instrumentos de avaliación	Peso	Observacións
Probas escritas e orais.	70 %	Estas probas poden incluír exercicios de comprensión lectora e auditiva, expresión escrita, expresión oral, uso da gramática e do vocabulario.
Traballos en clase e na aula virtual (BlinkLearning)	30 %	Este apartado avalía o traballo continuado do alumnado ao longo do curso, tanto na aula física como na aula virtual. Teranse en conta diferentes aspectos, como: - Participación activa: intervencións nas actividades orais, traballos en grupo e debates. - Realización das tarefas: execución das tarefas propostas, tanto de maneira individual como colaborativa. - Entrega de actividades: cumprimento dos prazos establecidos e constancia no traballo na plataforma BlinkLearning.

Dado que o obxectivo principal da materia é desenvolver a competencia comunicativa en lingua inglesa, establécese que, durante as sesións de clase, tanto o profesorado como o alumnado deberán empregar preferentemente o inglés como lingua vehicular para as interaccións relacionadas coa materia (instrucións, participación en actividades, exposicións orais, etc.).

Levaranse a cabo probas e tarefas diversas que permitan avaliar, segundo os criterios de avaliación que procedan en cada caso, o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos nas diferentes destrezas.

Non se avalían os traballos entregados fóra de prazo. Se algún alumno non se presenta aos exames escritos ou ás exposicións orais, deberá achegar xustificante de ausencia para optar á súa realización noutra data, que fixará a profesora.

Levaranse a cabo probas e tarefas diversas que permitan avaliar, segundo os criterios de avaliación que procedan en cada caso, o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos nas diferentes destrezas. A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

CUALIFICACIÓN DA MATERIA DURANTE O CURSO

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

Trimestre	Peso
1º trimestre	20% da cualificación final.
2º trimestre	30% da cualificación final.
3º trimestre	50% da cualificación final.

O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran todos estes requisitos:

- A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual ou superior a 4,5.
- Sempre que non se teñan tres ou máis faltas de deberes acumuladas no trimestre.
- Ter entregado todas as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre.

Convocatoria ordinaria (xuño)	Realización dunha proba final de comprensión oral e escrita e produción escrita ou tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.
-------------------------------	--

PROCEDEMENTO DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA NON SUPERADA DE CURSOS ANTERIORES

O alumnado coa materia pendente deberá seguir un protocolo de recuperación durante os dous primeiros trimestres, baseado na realización de tarefas nas que se traballen as distintas competencias.

Unha cualificación positiva na segunda avaliación do curso actual implica a recuperación da materia pendente.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva terá unha oportunidade máis de superar a materia pendente no mes de maio, sempre e cando teña entregadas as tarefas requiridas.